



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente :	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as :	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
(Intervención telemática)	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24/01/2024).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 24/01/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo subscribindo a declaración institucional da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) con motivo do 08 de marzo de 2024 – Día Internacional da muller.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) conmemora este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o seu compromiso coa igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local.

Dende cada un dos trescentos trece concellos galegos asúmese a necesidade de avanzar cara unha representación paritaria de mulleres e homes nenas corporacións locais. Nesa liña, estanse a dar pasos moi importantes, pero aínda non suficientes, como é ter pasado nestes últimos vinte anos de dezaoto alcaldesas no ano 2003 a setenta alcaldesas no ano 2023, o que supón un 22% dos concellos galegos.

No caso das concelleiras a porcentaxe ascende ao 40%. E nas deputacións provinciais o 36 % son deputadas fronte ao 64% de deputados. As catro presidencias das deputacións contan todas elas con presidentes. Estas cifras reflicten que as mulleres seguen estando infrarrepresentadas nos espazos máis importantes de toma de decisións do eido local.

As mulleres seguen a padecer máis dificultades que os homes para desenvolver a súa actividade política nos concellos e nas deputacións, espazos políticos aínda moi masculinizados, como tamén sucede na participación social local. Aínda así, en ambos casos se están dando



importantes avances nos liderados femininos tanto no número de alcaldesas, concelleiras e deputadas provinciais, como nas asociacións veciñais, de nais e pais, de organizacións ecoloxistas e culturais.

Dende os concellos galegos recoñécense estes avances en reforzo de todo o labor que aínda queda por desenvolver ata conseguir que os concellos galegos sexan espazos onde a igualdade sexa unha realidade; abordando tanto as barreiras estruturais como as actitudes e percepcións que perpetúan a discriminación, e garantindo que todas as persoas accedan ás mesmas oportunidades.

Neste período ata as próximas eleccións municipais teñen que seguir dándose pasos cara a igualdade, polo que a FEGAMP en representación dos concellos galegos se compromete a:

Promover a participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade nas corporacións e nas alcaldías.

Incorporar a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.

Aplicar medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.

Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.

A Presidencia considera que as declaracións institucionais elaboradas pola FEGAMP, das que participan activamente, recollen os acordos acadados polos tres grupos maioritarios.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao plan director de estradas, a Presidencia di que xa foi encargado e cando estea preparado traerase ao pleno o máis pronto posible.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre se van solicitar as axudas da Xunta de Galicia para contratar un auxiliar de arquivos durante uns meses, responde que en principio non é unha prioridade e este ano non a van solicitar.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSDeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a cales son as pistas que se aprobaron no POS 2023, di que son as de Pumariño, Texo e Caxaraville. Están pendentas da autorización de ADIF, para licitar a de Pumariño. A idea é licitalas o máis pronto posible para que se poidan executar no verán coincidindo co bo tempo.

5º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- Sobre a plantación de viña intensiva que se está a facer en San Xián de 22 hectáreas, o seu grupo tivo acceso ao informe de impacto ambiental, que como sospeitaban é abreviado.

Revisándoo, detectaron que se solicitou informe ao concello de Vedra para redactar este informe de impacto ambiental. Solicita ese informe que entregou o concello de Vedra.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para outros organismos, organizacións e público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Como resultado do anterior, non se recibiron achegas de ningún tipo. O concello non fixo ningunha alegación, cando sabe que hai casas que están afectadas directamente, co agravante de que están cara o norte das súas vivendas e os ventos dominantes durante o verán son do norte, polo que sempre que sulfaten, van sulfatar esas casas.

Cando na lexislatura pasada solicitaron a creación e aprobación dun SIX, ao cal o PP votou a favor, un dos motivos era este, é dicir, que no período no que se abre para realizar alegacións e achegas a un estudo de impacto ambiental, o concello tivera unha ferramenta fiable que puidera levarse á consellería.

Solicita que sempre que se poña un documento de impacto ambiental (sexa ordinario ou abreviado) en exposición pública para a realización de achegas, o concello faga chegar aos veciños afectados e aos partidos da oposición esta circunstancia, para facilitar as achegas necesarias, e evitar actuacións como a presente.

Curiosamente unha das zonas que está protexida realmente coincide co perímetro do propietario da finca.

Conforme ao sinalado no apartado b) directriz de paisaxe CU.10, para o acceso ás parcelas aproveitaranse os camiños existentes, minimizando a apertura doutros novos e restaurando os terreos afectados unha vez rematados os traballos de corta.

Esixe que certifiquen que unha vez rematadas as obras o camiño afectado, queda correctamente restaurado.

Atendendo as directrices de augas de Galicia solicita que revise, se nestas últimas chuvias aconteceron perdas de material do solo por fenómenos erosivos.

Esixe que se tomen medidas para garantir as distancias mínimas indicadas no informe con respecto aos fertilizantes orgánicos tipo xurros e aos produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático. Estas distancias son: “respectaranse como mínimo as distancias de protección na contorna de protección decaptacións de auga preexistente. Para abastecemento humano: 35 m (para aplicacións de fertilizantes orgánicos tipo xurros) e 50 m (para aplicación de produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático); e para outros usos distintos ao abastecemento humano: 10 m (para aplicacións de fertilizantes orgánicos tipo xurros) e 20 m (para aplicación de produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático)”.

De maneira que esixe que garanta que non se realizan plantacións de viñado, a unha distancia inferior á liña homotética do perímetro das casas lindeiras coa explotación, posto que esas casas teñen captacións de auga mediante pozos para o consumo doméstico.

O concello de Vedra emite un informe con data do 14.03.2023 asinado pola arquitecta técnica municipal no que esta indica que unha vez analizada a documentación achegada pola promotora, dende o punto de vista municipal, se consideran suficientes as medidas correctoras previstas e que a obra sería autorizable dende o punto de vista urbanístico.

Quere saber que día cursou visita a técnica municipal do concello, ao predio afectado.

Solicita un plano detallado, cos aproveitamentos de augas subterráneas, e as autorizacións administrativas correspondentes.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Solicita ao concello, que indique quen é o organismo encargado de realizar ou validar a inspección, e que localice e remita o informe que garantiu a ausencia das especies protexidas mencionadas no informe de impacto ambiental.

Solicita a inspección da parcela obxecto dese informe, en particular dunha masa arbórea de frondosas situada no ortoplano do informe ao Sur da mesma, que na actualidade foi removida, e cuxas árbores foron tallados. Solicita que revise se esa talla tiña os correspondentes permisos, e que de haber infracción (ben porque se incorpore á explotación vitivinícola sen incluírse no informe de impacto ambiental, ben por que a talla non teña autorización), realice o propio concello una denuncia de oficio en cumprimento das garantías que achegaron no último pleno asinando una moción sobre as explotacións en extensivo de viñedo, e en cumprimento co propio apartado 7 do informe de impacto ambiental.

Finalmente, no apartado 4.10 . Programa de vixilancia e seguimento ambiental, indícase que deberá contarse cun técnico ambiental que se encargará de certificar o cumprimento do plan de vixilancia ambiental durante a fase de instalación e posterior explotación.

Solicita que o concello reclame á empresa promotora estes informes do técnico ambiental, así como a súa cualificación profesional, e que se remita esta información aos grupos da oposición. O concello onde está situada a obra tamén pode actuar se detecta un incumprimento do informe de impacto ambiental. Aínda que a supervisión e fiscalización primarias poden corresponder á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda da Xunta de Galicia, os concellos teñen responsabilidades no ámbito da autorización e control local das obras.

Se un concello detecta un incumprimento do informe ambiental, pode tomar medidas adecuadas de acordo coas leis e regulamentos municipais. Iso pode incluír notificar á autoridade ambiental competente, tomar medidas administrativas como multas ou paralización da obra, e colaborar coas autoridades rexionais para garantir o cumprimento das regulamentacións ambientais.

En canto á lexislación que ampara ao concello para realizar o indicado anteriormente, en Galicia, a Lei 3/2016, do 23 de febreiro, de medidas en materia de proxectos integrados de paisaxe, así como a Lei 5/2019, do 13 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas, regulan as competencias dos concellos en materia urbanística e de medio ambiente. Ademais, a Lei 7/2002, do 17 de decembro, de protección ambiental de Galicia, establece o marco xeral para a protección e o control do medio ambiente na comunidade autónoma.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita un histórico das viaxes da Presidencia aos distintos lugares. Solicita que avise cando non vai estar.

2º.- Pregunta cantos nenos quedaron fóra da escola infantil este ano. Parece ser que os nados en novembro, decembro, xaneiro e febreiro xa non teñen praza. Pregunta cal é o motivo polo que non se reservan esas prazas.

Pregunta se para o seguinte ano os nados en novembro e decembro teñen dereito a usar a escola infantil no tramo de 1-2 anos, ou como non teñen praza este ano, quedarían sen ela no seguinte. Solicita que, xa que hai nenos que non están empradoados en Vedra e están na escola infantil de Vedra, para ocupar as prazas que quedaron vacantes ao inicio de curso, se con Boqueixón (que ten a mesma situación), non se podería entre os dous concellos abrir unha nova aula para eses nenos que quedan fóra.

Sente mágoa que en decembro soliciten ás familias que se empadroen en Vedra e que os nos nados en Vedra teñan que ir a escolas infantís de Santiago ou Ames.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



3º.- Solicita que expliquen que sucede coas axudas para material escolar publicadas no BOP a primeiros de decembro do 2023 e están a finais de febreiro de 2024 e as familias non saben a quen llas adxudicaron nin cando se van cobrar.

Intervén o Sr. Pose, do BNG, para engadir que cando pase o histórico das viaxes que fixo, gustaríalles saber as persoas que quedaron de Alcalde accidental.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta cando se prevé que se vai executar unha senda peonil que se ía facer en San Fins dende a ponte da autoestrada ata o serradoiro de Bouzas.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas.